



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE TRABALLO**  
**E BENESTAR**  
 Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano  
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono: 981 54 54 00

SE - 1439

21 NOV 2012

galicia

S  
 XG  
 AT



**ER** AENOR  
 Proceso de supervisión  
 certificado  
 UNE-EN ISO 9001  
 ER-0430/2010  
 Rede Internacional de  
 certificación

MJFR/cll

En cumprimento do disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, comunícase a apertura do trámite de audiencia para os efectos de formular as observacións que se estimen oportunas en relación ao proxecto que a continuación se relaciona:

- *Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño de 1995, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores.*

Dado que o proxecto ten a súa causa na necesidade de adaptar a normativa á Directiva 95/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, para a aproximación das lexislacións dos Estados membros na materia, o prazo para a presentación das alegacións será de sete días hábiles dende o día seguinte á súa notificación.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2012.

A secretaria xeral técnica

*(Handwritten signature)*  
 Cristina Ortiz Dorda

**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
 REGISTRO XERAL  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 32053 / RX 79747

Data 19/11/2012 14:26:56



**Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**  
 Praza da Quintana, 3  
 15704 - Santiago de Compostela

***Decreto -/2013, do - de -, polo que se modifica o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de junio de 1995, sobre aproximación de las legislaciones de los Estados miembros relativas a ascensores.***

A Constitución española no seu artigo 9.2 obriga aos poderes públicos a promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, e a remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

O artigo 49 da Constitución española encoméndalles ós poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, ós que lles prestarán a atención específica que requiran e ós que ampararán especialmente para o desfrute dos dereitos que a Constitución lles outorga a tódolos cidadáns.

O artigo 4.2 do Estatuto de autonomía atribúelles ós poderes públicos de Galicia a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Comunidade Autónoma, en virtud da competencia exclusiva que en materia de asistencia social lle atribúe o artigo 27.23, aproba a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que recolle a especial protección a este colectivo, incluíndo como principio inspirador do sistema de servizos sociais a prevención sobre as causas que orixinan a situación de marxinación.

De conformidade coa competencia en materia de servizos sociais, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e posteriormente o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto contén a normativa de desenvolvemento necesaria para a adecuada execución dos preceptos legislativos, sendo de aplicación a tódalas actuacións levadas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de planeamento, xestión ou execución urbanística; nova construción, rehabilitación, ou reforma de edificacións; transporte e comunicación.

O artigo 189.3 do Tratado da Comunidade Económica Europea dispoñe que, a Directiva vincula aos Estados membros destinados en canto ao resultado a alcanzar, deixando ás instancias nacionais a competencia en canto á forma e aos medios. Non cabe duda algunha acerca do carácter obrigatorio das Directivas comunitarias en canto aos seus efectos directos, e dicir, en canto á posibilidade de ser invocadas polos cidadáns como fonte de dereitos e deberes. En consecuencia, os particulares ven reforzada a súa esfera xurídica e o Dereito comunitario logra que o seu efecto útil, e dicir, a súa funcionalidade, non se vexa desvirtuada por unha eventual inexecución das Directivas comunitarias por un Estado membro.

Asemade, co fin de harmonizar as normas dos estados membros da UE en materia de ascensores e/ou os seus compoñentes de seguridade, apróbase a Directiva 95/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de junio de 1995, sobre aproximación de las legislaciones de los Estados miembros relativas a ascensores.

De conformidade coa citada Directiva, tódolos ascensores novos, sempre que as súas dimensións o permitan, serán accesibles para as persoas con discapacidade, que deberán poder utilízalos.

A norma harmonizada EN 81-70 tamén recolle estes requisitos esenciais de saúde e seguridade, en particular contempla as regras de seguridade para a construción e instalación de ascensores e as aplicacións particulares para os ascensores de pasaxeiros e de pasaxeiros e cargas. A súa parte 70 regula a accesibilidade ós ascensores de persoas, incluíndo persoas con discapacidade.

Por outra banda, a norma EN 81-1 e 2: 1998, establece as regras de seguridade para a construción e instalación de ascensores, na súa Parte 1 para os ascensores eléctricos e na súa Parte 2 para os ascensores hidráulicos.

Dende xullo de 1999, tódolos ascensores novos deberán cumprir as disposicións da Directiva sobre ascensores.

En cumprimento das obrigas derivadas do Tratado de Adhesión de España ás Comunidades Europeas, é preciso ditar as disposicións nacionais precisas que recollan e adapten as previsións contidas na mencionada Directiva á situación española.

A trasposición da directiva ao ordenamento xurídico estatal produciuse en virtude do Real Decreto 1314/1997, do 1 de agosto, por el que se dictan las disposiciones de aplicación de la Directiva del Parlamento Europeo y del Consejo 95/16/CE, sobre ascensores.

Co ditado da devandita Directiva xurde a necesidade de modificar o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación cos seguintes apartados:

“Conforme o seu artigo 17, a comunicación vertical realizárase, como mínimo, cun ascensor que deberá ser adaptado de conformidade co Regulamento.”

“Os ascensores ubicados en calzadas ou áreas de uso público, deben cumprir os requisitos do Código de Accesibilidade (anexo I), norma de base 1.2.6.”

“O anexo I, norma de base 2.2.3, contén requisitos relativos as barreiras arquitectónicas nos edificios de uso público polo que se refire ós ascensores.”

“O anexo I, norma de base 4, apartado B, contén requisitos relativos as barreiras arquitectónicas nos edificios de uso residencial ( comunicacións verticais ) polo que se refire os ascensores.”

“Finalmente, o anexo I, norma de base 6.1.2.c contén os requisitos para ascensores destinados o uso de viaxeiros con equipaxe ( accesibilidade no transporte público ).”

Por todo o exposto, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, no uso das atribucións que lle confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co dictame do Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día – de febreiro de dous mil doce.

## DISPOÑO

*Artigo único. Modificación do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia*

**Un. Modifícase o Anexo I. Base 1.2.6 Disposicións sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas. Elementos de urbanización. Ascensores.- Dase unha nova redacción ao apartado A e introdúcese un novo apartado Abis.**

“A. As dimensións interiores da cabina dunha sola entrada ou con dúas entradas opostas, serán,

- de tipo 1: capacidade para soportar una carga nominal de 450 kg. Cunhas dimensións mínimas de 1.000 mm de largo por 1.250 mm de profundidade.
- de tipo 2: capacidade para soportar una carga nominal de 630 kg. Cunhas dimensións mínimas de 1.100 mm de largo por 1.400 mm de profundidade.
- de tipo 3: capacidade para soportar una carga nominal de 1.275 kg. cunhas dimensións mínimas de 2.000 mm de largo por 1.400 mm de profundidade.

A bis.

- As portas de cabina e pisos deberán ser automáticas e operar con deslizamiento horizontal.

- O sistema de control deberá permitilo axuste do tempo de mantemento da porta aberta para cumprí-las condicións onde instálase o ascensor (normalmente entre 2 seg. y 20 seg.). Deben instalarse medios para reducir este tempo, por exemplo, utilizando un botón de peche das portas da cabina. Os medios de axuste non deben ser accesibles ós usuarios

- O dispositivo de protección requirido no apartado 7.5.2.1.1.3 das normas EN 81-1:1998 y EN 81-2:1998 debe cubrila entrada nunha distancia dentre, ó menos, 25 mm y 1.800 mm por encima da pisadera de cabina (por exemplo, cortina de luz). O dispositivo debe consistir nun sensor que preveña o contacto físico entre o usuario e os bordes condutores da (s) folla (s) de peche da porta.”

**Dous. Modifícase o Anexo I. Base 1.2.6. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas. Elementos de urbanización. Ascensores. Apartado B. Outras características.- Dase unha nova redacción, quedando redactado como segue:**

“No uso previsto a precisión de parada de cabina debe ser de  $\pm 10$  mm; debe manterse a precisión de nivelación de  $\pm 20$  mm”

“O espazo libre entre o paramento e a zona a asir debe ser de 35 mm como mínimo.

A altura do borde superior da zona a asir debe estar comprendida entre  $(900 \pm 25\text{mm})$  medidos dende o chan da cabina”

“O espazo mínimo fronte ás portas terá que deixar un área que permita inscribir un círculo de 1,50 m de diámetro”

“A altura mínima entre o nivel de piso e a liña central de calquer botón = 900 mm”

“A altura máxima entre o nivel de piso e a liña central de calquer botón = 1.100mm 1.200mm (preferentemente 1.100)”

“A sinalización no exterior da situación do ascensor situarase a unha altura comprendida entre 1,10 e 1,30 m e será en relevo”

“Para ascensores con manioobra rexistrada, información visible e audible que permita identificar facilmente o ascensor;

os usuarios deben ser informados visible e audiblemente de que están a punto de entrar na cabina asinada .

Recoméndase o uso de voz como indicación sonora. A voz tamén pode proporcionar información, entre outras cosas, acerca da situación de tendas ou oficinas a nivel de planta. Un indicador visual tamén é útil.

Recoméndase que a chegada dunha cabina sexa precedida dun sinal acústico”

“O chan da cabina debería ter unhas características superficiais similares ás do piso de entrada”.

“O alumbrado interno debería proporcionar un nivel de iluminación de 100 lux como mínimo ó nivel do chan e uniformemente distribuído, evitándose o uso de puntos de luz”

**Tres. Modifícase o Anexo I. Base 2.2.3. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios de uso público. Comunicacions verticais. Ascensores. Apartado A. Dimensións.- Dase unha nova redacción e introducese un apartado Abis:**

“A. As dimensións interiores da cabina dunha sola entrada ou con dúas entradas opostas, serán,

- de tipo 1: capacidade para soportar una carga nominal de 450 kg. Cunhas dimensións mínimas de 1.000 mm de largo por 1.250 mm de profundidade.
- de tipo 2: capacidade para soportar una carga nominal de 630 kg. Cunhas dimensións mínimas de 1.100 mm de largo por 1.400 mm de profundidade.
- de tipo 3: capacidade para soportar una carga nominal de 1.275 kg. cunhas dimensións mínimas de 2.000 mm de largo por 1.400 mm de profundidade.

A bis.

- As portas de cabina e pisos deberán ser automáticas e operar con deslizamiento horizontal.

- O sistema de control deberá permitir o axuste do tempo de mantemento da porta aberta para cumprir as condicións onde instálase o ascensor (normalmente entre 2 seg. y 20 seg.). Deben instalarse medios para reducir este tempo, por exemplo, utilizando un botón de peche das portas da cabina. Os medios de axuste non deben ser accesibles ós usuarios

- O dispositivo de protección requerido no apartado 7.5.2.1.1.3 das normas EN 81-1:1998 y EN 81-2:1998 debe cubrir a entrada nunha distancia dentro, ó menos, 25 mm y 1.800 mm por encima da pisadeira de cabina (por exemplo, cortina de luz). O dispositivo debe consistir nun sensor que preveña o contacto físico entre o usuario e os bordes condutores da (s) folla (s) de peche da porta. “

**Catro. Modifícase o Anexo I. Base 2.2.3. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios de uso público. Comunicacions verticais. Ascensores. Apartado B. Outras características.- Dase unha nova redacción, quedando redactado como segue:**

“No uso previsto a precisión de parada de cabina debe ser de  $\pm 10$  mm; debe manterse a precisión de nivelación de  $\pm 20$  mm”

“O espazo libre entre o paramento e a zona a asir debe ser de 35 mm como mínimo.

A altura do borde superior da zona a asir debe estar comprendida entre  $(900 \pm 25)$  medidos dende o chan da cabina”

“O espazo mínimo fronte ás portas terá que deixar un área que permita inscribir un círculo de 1,50 m de diámetro”

“A altura mínima entre o nivel de piso e a liña central de calquer botón = 900 mm”

“A altura máxima entre o nivel e a liña central de calquer botón = 1.100 mm 1.200 mm (preferentemente 1.100)”

“A sinalización no exterior da situación do ascensor situarase a unha altura comprendida entre 1,10 e 1,30 m e será en relevo”

“Para ascensores con manobra rexistrada, a información visible e audible debe permitir identificar facilmente o ascensor;

os usuarios deben ser informados visible e audiblemente de que están a punto de entrar na cabina asinada .

Recoméndase o uso de voz como indicación sonora. A voz tamén pode proporcionar información, entre outras cousas, acerca da situación de tendas ou oficinas a nivel de planta. Un indicador visual tamén é útil.

Recoméndase que a chegada dunha cabina sexa precedida dun sinal acústico”

“ O chan da cabina debería ter unhas características superficiais similares ás do piso de entrada”

“O alumbrado interno debería proporcionar un nivel de iluminación de 100 lux como mínimo ó nivel do chan e uniformemente distribuído, evitándose o uso de puntos de luz”

**Cinco. Modifícase o Anexo I. Base 4.3.B. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios de uso residencial. Desniveis. Ascensores. Apartado 1. Dimensións.- Dase unha nova redacción, quedando redactado como segue:**

“As dimensións interiores da cabina dunha sola entrada ou con dúas entradas opostas, serán,

- de tipo 1: capacidade para soportar una carga nominal de 450 kg. Cunhas dimensións mínimas de 1.000 mm de largo por 1.250 mm de profundidade.
- de tipo 2: capacidade para soportar una carga nominal de 630 kg. Cunhas dimensións mínimas de 1.100 mm de largo por 1.400 mm de profundidade.
- - de tipo 3: capacidade para soportar una carga nominal de 1.275 kg cunhas dimensións mínimas de 2.000 mm de largo por 1.400 mm de profundidade.

- As portas de cabina e pisos deberán ser automáticas e operar con deslizamento horizontal

- O sistema de control deberá permitilo axuste do tempo de mantemento da porta aberta para cumprir-las condicións onde instálase o ascensor (normalmente entre 2 s y 20 s).

Deben instalarse medios para reducir este tempo, por exemplo, utilizando un botón de peche das portas da cabina. Os medios de axuste non deben ser accesibles ós usuarios

- O dispositivo de protección requirido no apartado 7.5.2.1.1.3 das normas EN 81-1:1998 y EN 81-2:1998 debe cubri-la entrada nunha distancia dentre, ó menos, 25 mm y 1800 mm por encima da pisadera de cabina (por exemplo, cortina de luz). O dispositivo debe consistir nun sensor que preveña o contacto físico entre o usuario e os bordes condutores da (s) folla (s) de peche da porta.”

**Seis. Modifícase o Anexo I. Base 4.3.B. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios de uso residencial. Desniveis. Ascensores. Apartado 2. Outras características.- Dase unha nova redacción, quedando redactado como segue:**

“No uso previsto a precisión de parada .de cabina debe ser de  $\pm 10$  mm; debe manterse a precisión de nivelación de  $\pm 20$  mm”

“O espazo libre entre o paramento e a zona a asir debe ser de 35mm como mínimo.

A altura do borde superior da zona a asir debe estar comprendida entre  $(900 \pm 25)$  medidos dende o chan da cabina”

“A altura mínima entre o nivel de piso e a liña central de calquer botón = 900 mm”

“A altura máxima entre o nivel e a liña central de calquer botón = 1.100mm 1.200mm (preferentemente 1.100)”

“A sinalización no exterior da situación do ascensor situarase a unha altura comprendida entre 1,10 e 1,30 m e será en relevo”

“Os ascensores descenderán ata a planta de garaxe, cando exista”

“Para ascensores con maniobra rexistrada, a información visible e audible debe permitir identificar facilmente o ascensor; os usuarios deben ser informados visible e audiblemente de que están a punto de entrar na cabina asinada.

Recoméndase o uso de voz como indicación sonora. A voz tamén pode proporcionar información, entre outras cousas, acerca da situación de tendas ou oficinas a nivel de planta. Un indicador visual tamén é útil.

Recoméndase que a chegada dunha cabina sexa precedida dun sinal acústico”

“O chan da cabina debería ter unhas características superficiais similares ás do piso de entrada”

“O alumbrado interno debería proporcionar un nivel de iluminación de 100 lux como mínimo ó nivel do chan e uniformemente distribuído, evitándose o uso de puntos de luz”.

**Sete. Modifícase o Anexo I. Base 6.1.2.C. Disposicións sobre barreiras no transporte. Edificios. Comunicacions verticais. Ascensores.- Dase unha nova redacción, quedando redactado como segue:**

“Os ascensores que se instalen terán as medidas que se dispoñen na base 2.2 do presente código.

No interior dos ascensores haberá un sistema de comunicación cun punto exterior de servizo permanente, sito a unha altura sobre o nivel do chan comprendida entre 0,90 e 1,20 m.

Para ascensores con maniobra rexistrada, a información visible e audible debe permitir identificar facilmente o ascensor;

os usuarios deben ser informados visible e audiblemente de que están a punto de entrar na cabina asinada .

Recoméndase o uso de voz como indicación sonora. A voz tamén pode proporcionar información, entre outras cousas, acerca da situación de tendas ou oficinas a nivel de planta. Un indicador visual tamén é útil.

Recoméndase que a chegada dunha cabina sexa precedida dun sinal acústico

- As portas de cabina e pisos deberán ser automáticas e operar con deslizamento horizontal

- O sistema de control deberá permitilo axuste do tempo de mantemento da porta aberta para cumprilas condicións onde instálase o ascensor (normalmente entre 2 s y 20 s).

Deben instalarse medios para reducir este tempo, por exemplo, utilizando un botón de peche das portas da cabina. Os medios de axuste non deben ser accesibles ós usuarios.

- O dispositivo de protección requirido no apartado 7.5.2.1.1.3 das normas EN 81-1:1998 y EN 81-2:1998 debe cubri-la entrada nunha distancia dentre, ó menos, 25 mm y 1800 mm por encima da pisadera de cabina (por exemplo, cortina de luz). O dispositivo debe consistir nun sensor que preveña o contacto físico entre o usuario e os bordes condutores da (s) folla (s) de peche da porta.

O chan da cabina debería ter unhas características superficiais similares ás do piso de entrada.

O alumbrado interno debería proporcionar un nivel de iluminación de 100 lux como mínimo ó nivel do chan e uniformemente distribuído, evitándose o uso de puntos de luz.”

#### Disposición derradeira primeira

A consellería competente en materia de autonomía persoal poderá ditar cantas disposicións administrativas de carácter xeral resulten necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste decreto.

#### Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, - de - de dous mil trece.

332

galicia

|   |                    |
|---|--------------------|
| ESPAÑA<br> | FRANQUEO<br>PAGADO |
|            | Aut. nº 150515     |

CERTIFICADO




CD 00804027458

FINA



**Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**  
 Praza da Quintana, 3  
 15704 - Santiago de Compostela

 **XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE TRABALLO  
 E BENESTAR

Edificio Administrativo San Caetano  
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

21-11-12